

ESTUDO DO CAMPO LÉXICO DA VACA EN GALEGO

XOSÉ AFONSO ÁLVAREZ PÉREZ
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA¹

Resume: *Este traballo é unha presentación da tese de doutoramento que está a realizar o autor, pretendendo dar conta dun medio centenar de subcampos léxicos referentes á aparencia física da vaca e á súa reprodución no dominio lingüístico galego. A estrutura deste proxecto é bipartita: por un lado analízase a distribución xeográfica das diferentes respostas, clasificándolas segundo a motivación do falante á hora de acuñar a forma; polo outro, estúdase individualmente cada unha das formas desde diferentes perspectivas: análise morfolóxica, etimoloxía, primeiras documentacións, tratamento nos dicionarios,... O traballo que se presenta aquí céntrase na descrición do proxecto (fundamentalmente, o material empregado e a metodoloxía) e exemplifica con elementos do subcampo léxico vaca que só ten un corno.*

Palabras clave: xeolingüística, dialectoloxía, lexicografía, historia do léxico, galego, vaca, gando vacún.

Resumen: *Este trabajo es una presentación de la tesis doctoral que está realizando el autor, pretendiendo dar cuenta de medio centenar de subcampos léxicos referentes a la apariencia física de la vaca y su reproducción en el dominio lingüístico gallego. La estructura de este proyecto es bipartita: por un lado, se analiza la distribución geográfica de las diferentes respuestas, clasificándolas según la motivación del hablante a la hora de acuñar cada forma; por el otro, se estudia individualmente cada forma desde diferentes perspectivas: análisis morfológico, etimología, primeras documentaciones, tratamiento en los diccionarios,... El trabajo que aquí se presenta se centra en la descripción del proyecto (fundamentalmente, el material empleado y la metodología) y ejemplifica con elementos del subcampo léxico vaca que sólo tiene un cuerno.*

Palabras clave: geolingüística, dialectología, lexicografía, historia del léxico, gallego, vaca, ganado vacuno.

1. Presentación e intencións do proxecto

O autor desta comunicación está traballando nun estudo – que se pretende presentar como tese de doutoramento² – de diferentes denominacións do dominio lingüístico galego referentes á aparencia física da vaca e á súa reprodución. En concreto, o corpus provisional do traballo consta de algo máis de cincuenta preguntas, aínda que a grande cantidade de respostas obtidas fai sospeitar que teremos que cinguirnos a un número de cuestións máis reducido.

A estrutura adoptada para a análise de cada un dos subcampos léxicos é bipartita. Dunha banda, analízase a distribución xeográfica das diferentes respostas, clasificándolas segundo a motivación do falante á hora de crear a forma e representándolas cartograficamente sobre un ou máis mapas de Galicia. Da outra banda, estúdase individualmente cada unha das palabras desde diferentes perspectivas: análise morfolóxica, etimoloxía, primeiras documentacións, tratamento lexicográfico e presenza na literatura. Ó longo das seguintes páxinas iremos vendo as diferentes metodoloxías de análise e o material empregado.

Non é preciso sinalar aquí a grande importancia do sector gandeiro na economía e na realidade sociocultural galega; non en van, escribía o político e artista galego Castela [RODRÍGUEZ CASTELAO 2004: 164 - 165] :

A vaca esqueceuse dos cornos e dános o seu traballo, o seu leite, a súa carne, o seu coiro e a carne e o coiro dos seus fillos. Non nos pode dar máis [...] O día que nós emitamos papel-moeda non

estamparemos nel o retrato dos políticos, nin dos sabios, nin dos artistas; estamparíamos, somentes, a figura dunha vaca, como símbolo da nosa economía humanamente distribuída. O día que Galiza sexa unha comunidade cooperativa, ergueremos un gran moimento cunha vaca en bronce dourado [...] O día que seipamos o que val unha vaca, Galiza quedará redimida.

Esa enorme presenza da vaca en cada casa motivou a existencia dun denso e rico tecido de designacións ligadas a este animal, como se ve, por exemplo, en que Ferro Ruibal e Benavente Jareño recollen 191 páxinas de refráns referidos a ela (P. BENAVENTE e X. FERRO 1995). Por tanto, estamos diante dun campo de estudo de enorme riqueza e interese lingüístico.

Ademais do estudo concreto do campo léxico da vaca, este proxecto ten outra finalidade. Como é sabido, o *Atlas Lingüístico Galego* (C. GARCÍA E A. SANTAMARINA 1990-; de aquí en diante, *ALGa*) prescinde nos seus volumes de calquera nota de tipo etimolóxico e as referencias de tipo lexicográfico, morfolóxico ou motivacional son case inexistentes – o que, por outra parte, é o normal na maioría dos atlas lingüísticos. Estando así as cousas, este traballo pretende ofrecer un modelo de análise xeolingüística de campos léxicos que poida complementar aqueles xa recollidos nos volumes impresos do *ALGa*, as preguntas en preparación ou, en xeral, calquera outro conxunto de formas.

Por último, esta comunicación, ó estar dirixida a un público maioritariamente non experto na lingüística galega actual, pretende tamén informar sobre os principais repertorios e ferramentas que poden ser de utilidade para quen precise manexar datos galegos nas súas investigacións.

2. Material empregado para a obtención das formas analizadas

No momento de planificar esta investigación, optouse por traballar só con material xa recollido anteriormente por outros investigadores, sen realizar novas enquisas. As razóns que motivaron a adopción desta metodoloxía foron varias.

A máis importante, a nova realidade sociocultural galega: non hai tantos anos, a vaca estaba presente en case cada casa; actualmente, a progresiva mecanización do campo, as políticas agrarias ou o despoboamento e avellentamento do rural provocan unha mudanza radical da situación. En trinta anos desaparece un número enorme de reses do ámbito familiar; a perda da convivencia directa co obxecto leva consigo o esmorecemento e progresiva desaparición do léxico asociado. En segundo lugar, está o feito de existir xa abundante material recollido sobre o campo léxico, pero que aínda está inédito, sen ser estudado, revisado e escrutado, polo que non se tira ningún froito del. En terceiro lugar, figura unha cuestión loxística: a financiación obtida para a realización da investigación abrangue o período 2004-2007 (inclusive), polo que a demora necesaria tanto para a planificación das enquisas ou a rede de puntos coma para a súa realización significaría irremediabilmente prestar moita menor atención á análise dos datos recollidos.

Para a obtención das formas da fala viva, traballouse con dous tipos de materiais: as enquisas do *ALGa* e unhas enquisas realizadas por estudantes de terceiro e cuarto de carreira en 1969. Só as formas procedentes desas fontes teñen representación cartográfica e aparecen nas listaxes clasificadas de respostas. Adicionalmente, tamén recollo outras formas da fala viva, especialmente provenientes de tesinas ou teses de doutoramento; esas palabras, así como as designacións encontradas en dicionarios, serán comentadas nun apartado específico, pero non se mesturarán coas outras formas nin se cartografarán.

Hai que sinalar que, por se tratar dun estudo fundamentalmente léxico, non teño en conta as variantes formais de tipo fonético ou fonolóxico.

2.1. O *Atlas Lingüístico Galego*

Estes datos foron transcritos directamente dos cadernos conservados no Instituto da Lingua Galega; proceden de 167 enquisas³ realizadas entre os anos 1974 e 1976 – agás Z-02, cuberto en maio de 1977 – por Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Manuel

González González e que abarcan todo o territorio administrativamente galego e quince puntos de áreas limítrofes. Este Atlas está actualmente en proceso de edición⁴.


2.2. Enquisas de estudantes

O catedrático de Lingüística Románica Constantino García enviou os seus alumnos en repetidas ocasións a distintos pobos galegos a realizar enquisas sobre diferentes campos léxicos; este material conservase actualmente no Instituto da Lingua Galega. Para a miña investigación seleccionei 216 enquisas referidas á vaca, todas do ano 1969.


Para unha maior comodidade na consulta do traballo, optouse por non facer unha numeración correlativa dos lugares de enquisa, senón que se lles adxudicou unha clave segundo o punto do ALGa máis próximo a eles⁵.

Claramente, estas enquisas realizadas por estudantes teñen menor fiabilidade cás enquisas realizadas polos investigadores do ALGa, máis experimentados e que recibiron un adestramento *ad hoc*; estando así as cousas, optei por poñer en apartados e en mapas diferenciados os datos que obtiven do ALGa e os que obtiven destas enquisas, para que sexa o lector quen decida doadamente os datos nos que quere confiar. Outro factor negativo é que a densidade da rede de puntos é moi heteroxénea, cunha enorme concentración nos arredores de Santiago, os sitios máis accesibles ó estudante para realizar as enquisas. Son un total de 216 puntos, repartidos do seguinte modo: 1 en Asturias, 96 na Coruña, 2 en León, 38 en Lugo, 23 en Ourense e 56 en Pontevedra; nótase unha gran desigualdade nos sexos, pois os informantes son 167 homes e 49 mulleres; a media de idade dos enquisados é lixeiramente inferior ós 55 anos.

Puntos de enquisa do *Atlas Lingüístico Galego*



Puntos das enquisas de Lingüística Románica (ano 1969)



3. Un exemplo de análise: denominacións para a vaca que só ten un corno

3.1. As formas obtidas

Analizando o material dispoñible nas dúas fontes comentadas anteriormente, distinguimos 15 grandes tipos de denominacións, cos seus correspondentes subtipos. En total, son 75 lexías simples ou compostas as que rexistro para tal concepto. Copio as formas a continuación, omitindo os puntos onde se recollen e as notas adicionais:

1. Lexías sobre a forma *mona*
 - 1.1. *mona*
 - 1.2. Con modificadores
 - 1.2.1. *mona dun corno*
 - 1.2.2.1. *mona dun lado*
 - 1.2.2.2. *esmonada dun lado*
 - 1.2.3. *media mona*
 - 1.2.4. *semimona*
 - 1.2.5. *simemona*
 - 1.2.6. *remona*
 2. Sobre unha base *mouc-*, *moc-*
 - 2.1. *moca* e variantes
 - 2.1.1. *esmoncada*
 - 2.1.2. *moca*
 - 2.1.3. *moquena*
 - 2.2. *mocha* e variantes
 - 2.2.1. *mocha*
 - 2.2.2. Con sufixos
 - 2.2.2.1. *mochela*
 - 2.2.2.2. *mochena*
 - 2.2.3. *mocha dun lado*
 - 2.3. *moguela* – *mojela*¹
 - 2.4. *mouca* e variantes
 - 2.4.1. *mouca*
 - 2.4.2. Con prefixos e sufixos
 - 2.4.2.1. *esmoucada*
 - 2.4.2.2. *mouquela*
 - 2.4.3. Con modificadores
 - 2.4.3.1. *mouca dun corno*
 - 2.4.3.2. *mouca dun lau*
 - 2.4.3.3. *demoucada dun lado*
 - 2.5. *moucha*
 - 2.6. *moxela*
 3. Construcións sobre *cornu*
 - 3.1. Con prefixos/sufixos
 - 3.1.1. *alicórneo*
 - 3.1.2. *cornacha*
 - 3.1.3. *córnea*
 - 3.1.4. *corneira*
 - 3.1.5. *cornela*
 - 3.1.6. *corneta*
 - 3.1.7. *cornicha*
 - 3.1.8. Co sufixo *-uda*
 - 3.1.8.1. *cornuda*
 - 3.1.8.2. *cornuda dun lado*
 - 3.1.9. *descornada*
 - 3.1.10. Con prefixo *es* e sufixo *ada*
 - 3.1.10.1. *escornada*
 - 3.1.10.2. *escornada dun corno*
 - 3.1.10.3. *escornada dun lado*
 - 3.2. *cornu* mais modificador
 - 3.2.1. *cornu partido*
 - 3.3. ‘que só ten un corno’
 - 3.3.1. *cun corno solo*
 - 3.3.2. *sin corno*
 - 3.3.3. *sin un corno*
 - 3.3.4. *vaca cun corno*
 - 3.3.5. *vaca dun corno*
 - 3.4. ‘que lle falta/caeu un corno’
 - 3.4.1. *caeu un corno*
 - 3.4.2. *fáltalle un corno*
 - 3.4.3. *partiulle un corno*
 - 3.4.4. *que perdeu un corno*
 - 3.5. Adxectivo mais modificador ‘dun corno’
 - 3.5.1. *baixa dun corno*
 - 3.5.2. *cota dun corno*
 - 3.5.3. *nafa dun corno*
 - 3.5.4. *necia dun corno*
 - 3.5.5. *torta dun corno*
 - 3.5.6. *mouca dun corno*
 4. *cota* e variantes
 - 4.1. *cota*
 - 4.2. *cota dun corno*
 5. *toca* e variantes
 - 5.1. *toca*
 - 5.2. *toquela*
 6. *fanada*
 7. *cachena*
 8. Sobre *manca*
 - 8.1. *manca*
 - 8.2. *manquesa*
 9. *pitoña*
 10. Sobre *torta*
 - 10.1. *torta*
 - 10.2. *torta dun corno*
 11. *roma*
 12. Outras designacións
 - 12.1. *broca*
 - 12.2. *cañota*
 - 12.3. *chavela*
 - 12.4. *escoxada*
 - 12.5. *esmorrada*
 - 12.6. *manota*
 - 12.7. *nacha*
 13. Designacións problemáticas
 - 13.1. *nafa dun corno*
 - 13.2. *necia dun corno*
 - 13.3. *torda*
 14. Sen resposta

Un exemplo do modo de dispoñer os datos no traballo pode ser o seguinte:

1.2.5. *galluda*

ALGa

C-05¹, C-18, C-21, C-22, C-24², C-33¹, C-34 // L-01, L-05 // P-32.

Enquisas de Lingüística Románica

C-03b, C-06c, C-09d, C-18d, C-19c, C-24b, C-29b.

¹ Designación que se aplica cando ten os “cornos moi grandes”.

² Designación que se aplica cando ten os “cornos grandes”.

3.2. A representación cartográfica das formas

Para a plasmación no mapa, empregouse o programa *ArcGis* na súa versión 8.3, co que se deseñou a rede de puntos de enquisa sobre o mapa das parroquias de Galicia e se crearon os mapas de modo semiautomático a partir dos rexistros introducidos previamente nunha base de datos. Debido ó grande número de puntos de enquisa, á variedade de formas e a que no traballo xa hai un elenco detallado de todas as variantes, os mapas non pretenden reflectir exhaustivamente todas as posibilidades de variación na lingua, senón que se agrupan en categorías relativamente amplas, procurando mostrar as principais áreas de distribución; estamos sempre nunha disxuntiva entre un mapa claro e un mapa que ofrezca a maior información posible. De acordo co comentado no apartado 2.2, manteño separados os datos procedentes do Atlas Lingüístico galego dos obtidos das enquisas dos estudantes, polo que para concepto ofrezco sempre un mínimo de tres mapas, un para cada fonte citada e outro máis que reúne os dous anteriores. Os mapas van precedidos dunha breve introdución na que se comenta a distribución xeográfica que gardan as diferentes formas.

As designacións para a vaca cun só corno presentan varias áreas léxicas diferenciadas. O primeiro que salta á vista é a zona compacta do centro e leste de Ourense e sur de Lugo, xunto con todo o territorio asturiano de fala galega, lugares onde practicamente só existen formas cunha raíz *mouc-*, que xa non atopamos fóra das zonas sinaladas. A zona mindoniense é case toda de *escornada*, unha designación que tamén se repite en territorios do leste de Lugo e área leonesa. Deixando á parte dúas ocorrencias esporádicas no oriente de Lugo, son propias do territorio occidental as formas da familia de *mona*, sexa con derivados ou cun modificador, normalmente *dun corno*.

Na zona de Betanzos, na transición entre a área do tipo *escornada* e a área do tipo *mona*, coexisten tanto as formas de raíz *moc-* coma algúns derivados sobre *cacho*. Por último, as outras formas que atopamos no territorio xa non gardan ningún tipo de contigüidade, están bastante dispersas.


3.3. O comentario individualizado de cada forma

Cada forma é analizada individualmente atendendo ós diferentes parámetros que examinaremos a continuación. Como é imposible sintetizar nun par de páxinas toda a información recompilada para as 75 formas que recolleemos para o concepto *vaca cun corno só*, empregarei como exemplos algunhas das palabras referidas anteriormente.

3.3.1. Posible emprego para designar outro concepto

Cando os subcampos léxicos son moi próximos entre si, adoita acontecer que un mesmo significante acumule varios significados, referentes todos á vaca. Ese fenómeno anótoo, indicando os subcampos nos que se recolle e o número de apartado en que se inclúe dentro del. Por exemplo, a forma *mona* significa propiamente *animal sen un ou os dous cornos*, pero tamén a documentei para a vaca que ten os cornos cara abaixo (no apartado 10.6, nun só punto) e para a que os ten virados cara atrás (apartado 11, dous puntos).


Vaca cun corno (ALGa)




- *escornada* e variantes
- *corno* con modificadores ou formando frases e cláusulas
- *corno* con sufixos
- *cota* e variantes
- ◆ *fanada*
- formas de raíz *mouc-*
- formas de raíz *moc-*
- formas de raíz *moch-*
- formas de raíz *mouch-*
- ◆ *mona* e derivados
- ◆ *mona* e modificadores
- ★ *toca* e derivados
- ✱ outras respostas
- 🔍 designacións problemáticas
- + sen resposta

vaca cun corno (enquisas estudantes)

- *escornada* e variantes
- *corno* con modificadores ou formando frases e cláusulas
- *corno* con sufixos
- adxectivo mais modificador *dun corno*
- derivados de *cacho*
- *cota* e variantes
- ◆ *fanada*
- formas de raíz *mouc-*
- formas de raíz *moc-*
- formas de raíz *moch-*
- formas de raíz *mouch-*
- outras formas
- ◆ *mona* e derivados
- ◆ *mona* e modificadores
- ◆ *pitoña*
- ▲ *roma*
- ★ *toca* e derivados
- ✚ *torta*
- ✱ outras respostas
- 🔍 designacións problemáticas
- + sen resposta





3.3.2. Notas etimolóxicas

O galego non conta cun dicionario etimolóxico de seu, polo que a obra primaria de partida para a análise do novo material é o *Diccionario Crítico Etimolóxico Castellano e Hispánico*, COROMINAS e PASCUAL 1980-1991, convenientemente matizado por MEIER 1984 e 1987. Para o portugués, temos o dicionario de MACHADO 1977, pero é unha obra que cómpre manexar con moita precaución, porque os seus datos non son sempre moi atinados.

Obviamente, as consultas etimolóxicas non se limitan a eses materiais, senón que se emprega un bo número de dicionarios, libros e artigos máis específicos. Na localización de parte dese material foi moi útil a *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega* (GARCÍA GONDAR 1998-), unha completísima base de datos dispoñible en Internet de obras de todo o mundo que estudan – total ou parcialmente – aspectos da lingua galega.

Como este traballo non se limita ó aspecto etimolóxico, é natural que teñamos que optar por ofrecer unha información concisa e sintética, sen poder entrar a comentar en profundidade determinados aspectos máis problemáticos, aínda que xa quedan alí apuntados, en todo caso, para posteriores investigacións propias ou alleas.

A continuación ofrezoo un exemplo de comentario, referido á voz *esmorrada*:

Construción sobre *morro* cun prefixo *-es* (< lat. *EX*) e o sufixo participial *-ada* (< lat. *-ATA*). O radical é unha voz problemática para COROMINAS e PASCUAL 1980-1991 (s.v.). Hoxe é voz peninsular, occitana, sarda e dalgúns dialectos de oïl, italianos e xermánicos; de orixe incerta, posiblemente comezou designando os labios botados para fóra da persoa enfadada, adoptando unha onomatopea *MURR-*, son de quen está rosmando. A primeira documentación que ofrecen COROMINAS e PASCUAL 1980-1991 remonta ó ano 1591. Vistas as dificultades de interpretación, tampouco podemos descartar que a palabra estea relacionada coa raíz preindoeuropea **mor(r)-* ‘rocha, monte’, que está na base de topónimos coma *Morrazo* ou de moitos dos *Mouros* que popularmente se atribúen a suxeitos africanos, topónimos ben presentes nos documentos xa desde o século VI⁶.

3.3.3. As primeiras documentacións

Trátase dun apartado estreitamente ligado co anterior. A data de penetración na lingua e as primeiras formas poden botar luz sobre a etimoloxía e permiten ademais comparar a vitalidade pasada coa actual, trazar a historia da palabra,... Por evidentes cuestións de espazo e tempo, non comento sistematicamente no traballo as primeiras documentacións de todas estas formas, senón só daquelas que considero que teñen interese para a explicación da palabra en particular ou que fornezan algún dato útil para a historia da lingua. Tampouco se pode obviar que moitas destas voces son tan específicas e/ou tan localizadas no territorio que sería excepcional atopalas nun texto escrito, mesmo actual.

Para a elaboración deste apartado tivemos a extraordinaria fortuna de contar con varias ferramentas electrónicas que unifican centos de edicións de textos nunha única base de datos e que permiten buscas de moi diverso tipo (en calquera caso, sempre se procurou cotexar coa edición orixinal as formas obtidas nese corpus, e cítase na bibliografía esa edición).

Dúas desas bases de datos conteñen material medieval. A primeira é o CODOLGA, *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (LÓPEZ PEREIRA 2004-), que ofrece un amplo corpus de documentación latina desde o s. VI ata o s. XV, obtida de cartularios e coleccións dos centros monásticos, e mais a documentación das sés catedralicias. A segunda base de datos é o TMILG, *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (VARELA 2004-), que abrangue produción galega literaria e non literaria desde o s. VIII ó XVI.

A terceira base de datos, por contra, ofrécenos textos de todo xénero e rexistro, desde o 1612 ata a actualidade – é continuación da anterior no que respecta á cronoloxía, non así na xestión dos datos, pois traballa con palabras etiquetadas e lematizadas, o que permite maiores posibilidades de busca. Trátase do TILG, *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (SANTAMARINA 2003-)

escoxada. A forma *coxo* provén do latín vulgar *COXU* ‘coxo’ – no latín clásico empregábase para ese cualificativo a voz *CLAUDU*. No español, COROMINAS documéntaa por vez primeira en 1014 (s.v. *cojo*), mentres que para o galego teremos que agardar ata a *Crónica Xeral e Crónica de Castela* (1295-1312) «Óno linagê de Cadom et de Cadem et d'Anxilom nũca mĩgue y malato, COXO, nê cego, nê mãco, nê uil» (LORENZO: 205).

3.3.4. Tratamento nos dicionarios clásicos e primeiras obras lexicográficas do galego

Os dicionarios ofrécennos un interesantísimo marco de exploración, tanto no que respecta a ver a vitalidade na lingua dunha determinada forma coma para analizar as variantes existentes de cada voz. Algúns deles teñen o atractivo adicional de seren recollas de léxico dunha area dialectal concreta, o que permite en certo modo complementar a distribución xeográfica que se analizara manexando os materiais do *Atlas Lingüístico Galego* e as enquisas dos estudantes.

Con todo, danse nos dicionarios galegos algunhas características que cómpre ter sempre presentes para a análise dos datos, especialmente a presenza de abundantes pantasma léxicas – formas non existentes na lingua – e a omisión xeral das voces coincidentes co castelán. Desbotei – polo menos de momento – a posibilidade de traballar con dicionarios modernos, pois non é probable que engadisen moitos datos, xa que o normal é que papeleticen dicionarios anteriores e, por tanto, incorporen esas formas ó seu *corpus*.

Como en anteriores apartados, resultou de extraordinaria axuda unha recente e excelente ferramenta informática, o *Diccionario de Dicionarios* (SANTAMARINA 2003), que permite consultar axilmente 25 contribucións lexicográficas, desde os escritos do Padre Sarmiento no s. XVIII ata os anos oitenta do século XX, ademais de ofrecer centos de páxinas de información adicional sobre este material e sobre a lexicografía galega en xeral.

3.3.5. Outros aspectos a comentar

Existen enquisas dialectais en moitos puntos máis da xeografía galega. Como xa se dixo anteriormente, algunhas plasmáronse en dicionarios, outras foron recollas limitadas a algún campo semántico concreto, pero un bo número foron teses de doutoramento e memorias de licenciatura que tiñan como obxecto o estudo da fala dunha aldea, parroquia ou concello, desde unha perspectiva gramatical e/ou léxica. A grande maioría desas teses quedaron inéditas, aínda que Constantino García recolleu no *Glosario de voces galegas de hoxe* (GARCÍA 1985), o vocabulario que contiñan 45 memorias de licenciatura e teses doutorais dirixidas por el entre os anos 1968 e 1984, ademais dunha investigación propia sobre a fala de Santiago de Compostela. Aínda que non considere oportuno ampliar a rede de 381 puntos que teño en conta para a representación cartográfica e análise motivacional, si que procuro analizar estas teses para ver se están presentes as formas que obtiven anteriormente ou, incluso, se hai algunha designación nova para o concepto en cuestión.

Dentro do posible, analizo tamén a existencia de formas similares ás analizadas nos dominios lingüísticos veciños ó galego: portugués, asturleonés e castelán. Nun futuro, se o tempo o permite, prevese a posibilidade de comparar os datos obtidos no galego coas formas doutros dominios lingüísticos románicos.

Tamén analizo morfoloxicamente as formas, especialmente cando hai diferentes variantes construídas sobre unha mesma raíz. Moitas veces, a diversidade existente é moi grande; obsérvese, por exemplo, as formas construídas sobre as bases *mouc-*, *moc-* – de orixe pouco clara, véxase Corominas, s.v. *mocho* – para falar da vaca cun só corno: *moca*, *moquena*, *esmoncada*, *mocha*, *mochela*, *mochena*, *moguela*, *mouca*, *esmoucada*, *mouquela*, *moucha* ou *moxela*.

Por último, nun apartado final recóllense todas aquelas formas que atopei para o significado estudado en cada momento fóra da miña rede de puntos. Hai dous grandes tipos, as palabras que foron aboadas na fala viva por outros investigadores – como se sinalou no parágrafo que abre este apartado – e as voces que atopo en dicionarios, obras literarias ou manuais, etc. sen que conste o seu emprego na fala. Estas son as voces máis problemáticas e terán que ser examinadas coa maior precisión posible, para discernir se realmente son formas que están ou estiveron vivas na fala nalgún momento ou lugar ou se son simplemente invencións ou malas lecturas dalgún lexicógrafo ou literato inspirados.

Notas

¹ Dirección de correo electrónico: xalvarez@usc.es. Páxina web: <http://www.usc.es/filrom/profes.htm>

² Segundo o esixido na convocatoria, faise constar que o autor deste traballo ten asignada unha bolsa predoutoral do programa FPU/MEC, bolsa que limita os seus dereitos sociais e lle nega os dereitos laborais dos que gozan os investigadores contratados.

³ En realidade, 165, pois nos puntos planeados C-30 e C-35 non chegou a realizarse a enquisa. Distribúense territorialmente do seguinte modo: 49 (47) na Coruña, 39 en Lugo, 31 en Ourense, 33 en Pontevedra, 7 en Asturias, 5 en León e 3 en Zamora. Pode consultarse a relación completa de puntos e a súa ficha técnica na introdución ó primeiro volume do ALGa.

⁴ No momento da presentación desta comunicación, está prevista a saída da imprenta do volume V, dedicado ó home (no aspecto físico). Publicáronse xa os volumes consagrados ó estudo da morfoloxía verbal (1990), da morfoloxía non verbal (1995), da fonética (1999) e do tempo atmosférico e cronolóxico (2003)

⁵ Se había un punto do ALGa no mesmo concello, asociábase directamente a este; non sendo así, buscouse o punto veciño de maior afinidade lingüística, procurando sempre que todas as enquisas realizadas nun concello remitisen ó mesmo punto (agás, obviamente, cando a rede do ALGa constaba de dous puntos no mesmo concello).

⁶ Para máis detalles sobre esta raíz véxase RIVAS QUINTAS 1982: §47.

Bibliografía

- BENAVENTE JAREÑO, PEDRO e FERRO RUIBAL, XESÚS, *Refraneiro galego da vaca*, Santiago de Compostela, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1995.
- COROMINAS, JOAN e PASCUAL, JOSÉ A., *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, 6 vols., Madrid, Gredos, 1980 – 1991.
- GARCÍA GONDAR, FRANCISCO (dir.), *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega* (en rede: <http://www.cirp.es/WXN/wxn/homes/bilega.html>), Santiago de Compostela, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1998– (última consulta: 22/04/2006).
- GARCÍA GONZÁLEZ, CONSTANTINO (ed.), *Glosario de voces galegas de hoxe*, anexo 27 de *Verba*, Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 1985.
- GARCÍA GONZÁLEZ, CONSTANTINO e SANTAMARINA FERNÁNDEZ, ANTÓN (dirs.): *Atlas lingüístico galego*, 4 vols, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa [O quinto volume está en proceso de impresión no momento de presentar a versión escrita desta comunicación]
- LÓPEZ PEREIRA, J. EDUARDO (dir.), *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (en rede: <http://corpus.cirp.es/codolga>), Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2004– (última consulta: 22/04/2006).
- LORENZO VÁZQUEZ, RAMÓN (ed.), *La Traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario*, 2 vols, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijóo, 1975 – 1977.
- MACHADO, J. PEDRO, *Dicionário etimológico da língua portuguesa*, 5 vols, Lisboa, Livros Horizonte, 1977³.
- MEIER, HARRI, *Notas críticas al DECH de Corominas/Pascual*, anexo 24 de *Verba*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1984.
- MEIER, HARRI, 1987, «Nuevas anotaciones al DECH», *Verba*, 14, 1987, pp. 5-74.
- RIVAS QUINTAS, ELIXIO, *Toponimia de Marín*, anexo 18 de *Verba*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1982.
- RODRÍGUEZ CASTELAO, AFONSO D., *Sempre en Galiza*, Vigo, Galaxia, 2004 [1ª ed: 1944]
- SANTAMARINA FERNÁNDEZ, ANTÓN (dir.), *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (en rede: <http://www.ti.usc.es/TILG>), Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, 2003– (última consulta: 22/04/2006).
- SANTAMARINA FERNÁNDEZ, ANTÓN (ed.), *Diccionario de diccionarios*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003³.
- VARELA BARREIRO, XABIER (dir.), *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (en rede: <http://corpus.cirp.es/tmilg>), Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega (USC) e Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2004– (última consulta: 22/04/2006).